
LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

ISSN 2444-0205



MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS

SOPA24

XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL

Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín

PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons

CC BY

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

CRÉDITOS

EQUIPO EDITORIAL

SabahWalid_correcciones+maquetación
JuanjoPulido_diseño+comunicación

EDITA

La DESCOMMUNAL

ISSN: 2444-0205

San Salvador, 10 6ºA
06800 Mérida (Badajoz)
ESPAÑA
www.ladescommunal.org
info@laundergroundcolectiva.org

Septiembre de 2026

La DESCOMMUNAL, Revista Iberoamericana de Patrimonio y Comunidad es una publicación independiente, promovida por mentes inquietas y comprometidas con un patrimonio, un territorio y una comunidad.

Se permite cualquier explotación de la obra, incluyendo una finalidad comercial, así como la creación de obras derivadas, la distribución de las cuales también está permitida sin ninguna restricción. Es decir, todos los artículos están a tu disposición para leerlos, compartirlos y utilizarlos en tus publicaciones y proyectos, pero acuérdate de mencionar su origen y sus autores. Gracias!!

ES UNA PUBLICACIÓN DE

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA
www.laundergroundcolectiva.org

ÍNDICE

LA DESCOMMUNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD
MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

EDITORIAL

Sabah Walid [*Directora del SOPA*]/ESPAÑA_pp03-04

SEMINARIO
EL SABER MAYOR, EL MAYOR SABER

01_Dibujando memorias: entre relatogramas, memogramas y yayos
Adela Vázquez Veiga + Carla Boserman Romero +Claudia Delso _*Universidade de Vigo + Universidad Complutense de Madrid + Institut de Recerca Urbana de Barcelona, IDRA*/ESPAÑA_pp05-15

02_Mulheres Rurais - a força da Terra
Helena Antunes + Beatriz Rodrigues + Mariana Batista _*A Geradora – Cooperativa Integral* /PORTUGAL_pp16-22

03_Hablando en plata. Vida saludable a partir de los 60
Norma Angélica Juárez Salomo _*Universidad Autónoma del Estado de Morelos*/MÉXICO_pp23-30

04_Las vidas longevas y los museos locales
Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo* /ESPAÑA_pp31-35

05_La voz de la experiencia
Patricia Martín Rodríguez + Andrea Alías + Marian Berihuete + Juan Francisco Gibaja + Josep Maria Vergès + Chiara Messana_*Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES-CERCA) + Universitat Autònoma de Barcelona*/ESPAÑA_pp36-45

SESIÓN TEÓRICA

06_La Escalera de Participación de Arnstein: un diagnóstico para el mundo cultural
Marta Pascual-Marzo_*Universidad de Alcalá*/ESPAÑA _pp46-58

07_GUARDIANES DEL SABER: La tapia pisada como legado de nuestras raíces
Claudia Mónica Castro Martínez + María Olga Largacha Martínez_*Universidad La Gran Colombia* /COLOMBIA _pp59-65

08_Entroido, patrimonio y comunidad: estudio descriptivo del ritual festivo como elemento de interacción social
Jackeline Elizabeth Fernández Macías + Fátima Braña Rey+ Lorena Rodríguez Campo _*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp66-83

09_La mi agüela, Margarita. Un allegamientu alas lenguas agüelas comu resistencia al olvíu dela huía roal
Roberto Herrero García/ESPAÑA_pp-84-88

10_Unha auto-etnografía fotográfica de mulleres caboverdianas: narrativas migratorias a través de dúas exposicións colectivas en Bembibre e Burela
Iria Vázquez Silva + Sarah Lamas_*Mulleres á Fronte*/ESPAÑA_pp89-94

11_Rastrexando as Competencias de Capital a través das Infraestruturas Espaciais, Contaminación do Aire e Radiación Nocturna no Noroeste da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés
Raimundo Elías Gómez + Maria Gabriela Miño_*Instituto de Socioloxía da Universidade do Porto + Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas* /PORTUGAL-ARGENTINA_pp95-105

12_Menores en Riesgo de Exclusión y los Museos como Instituciones de Educación no Formal
Melina Ameneiro Hermida + Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp106-110

SESIÓN PROYECTOS

13_Creciendo Juntos. La comunidad educativa del Cerro de los Infantes y su rol en la infancia
Laura Reina Alonso + Olga Leyva Gutiérrez + Begoña Serrano Arnáez + Andrés Mª Adroher Auroux + Mª Luisa Hernández Ríos_*Universidad de Granada*/**ESPAÑA**_pp111-125

14_Laboratorio Ecosocial do Barbanza: un laboratorio vivo para a xestión multifuncional e a custodia colectiva do territorio
David Fontán Bestilleiro + Roque Sanfiz Arias _*Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela*/**ESPAÑA**_pp126-135

15_Identidad compartida. El "Limón" como manifestación cultural inmaterial de la identidad serrana
Igor Martín Curto/**ESPAÑA**_pp136-150

16_VIEJA Y YERMA COMO MI VIÑA
Lucía Álvarez-Borrajo_*Facultad de Bellas Artes. Universidad de Sevilla*/**ESPAÑA**_pp151-158

17_OS ANDARES. Unha serie de viaxes sonoras polos Ancares Lucenses
Iria Acevedo + Jose Díaz + Marcos PTT_*Fósforo Arte & Cultura + Galiza Emocional*/**GALIZA**_pp159-170

18_Apropriação, Arte, Criatividade. Do Projeto Arqueológico do Outeiro do Circo (Beja, Portugal) para a(s) comunidade(s)
Miguel Serra + Eduardo Porfírio_*Câmara Municipal de Serpa + Câmara Municipal de Sintra + Centro de Estudos de Arqueologia, Artes e Ciências do Património* /**PORTUGAL** _pp171-185

19_Escuchando las voces de la memoria: Bibliotecas Humanas en Asturias
Paloma Sánchez-Broch + Sofía Nevado Domínguez + Jean-François Alberghi + Marta Fernández Villar _*Universidad de Oviedo + La Ponte Centro de Investigación y Ecomuseo + Filopueblos*/**ESPAÑA** _pp186-207

20_Memoria Viva Tununguá
Sandra Patricia Pachón Monsalve/**COLOMBIA**_pp208-215

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
17 ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA
LA DES COMM UNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD



SESIÓN PROYECTOS

OS ANDARES
Unha serie de viaxes sonoras polos Ancares Lucenses

Iria Acevedo + Jose Díaz + Marcos PTT
_Fósforo Arte & Cultura + Galiza Emocional/ GALIZA
jose.diaz@fosforo.gal
contacto@marcosptt.com

resumen

https://osandares.com/
https://fosforo.gal/
https://www.galizaemocional.gal/

Este artículo presenta Os Andares, un proyecto de creación de seis viajes sonoros (sound walks) desarrollados en la comarca rural de la Sierra de los Ancares Lucenses (Lugo). Frente a la acusada sangría demográfica y el envejecimiento poblacional de este entorno protegido, la iniciativa aplica las herramientas dramáticas del teatro contemporáneo, el arte sonoro y la poesía como vías no invasivas de desarrollo rural. A través de un proceso de investigación etnográfica informal articulado en torno a mediadores locales y testimonios de vida, se vertebran rutas inmersivas que abordan el concepto de "progreso y extinción". El trabajo reflexiona sobre el potencial de las piezas sonoras invisibles para construir un nexo emocional profundo entre las personas visitantes y el territorio, fomentando la conservación del patrimonio material e inmaterial y priorizando un turismo sostenible de calidad.

#Viajes sonoros, #Patrimonio emocional,
#Ancares Lucenses, #Despoblación rural, #Arte comunitario,
#Mediación cultural, #Turismo sostenible.

Reconocimiento internacional: Premio Sound Walk September 2024
Cabe destacar que el proyecto Os Andares ha sido galardonado con el Premio Sound Walk September 2024 (SWS24), otorgado por la plataforma internacional walk · listen · create. Este certamen, considerado uno de los mayores reconocimientos a nivel mundial en el ámbito del arte sonoro y los recorridos audibles, distingue las propuestas capaces de fusionar la creación artística, el patrimonio y la caminata como experiencia inmersiva. El galardón, promovido por la plataforma walk · listen · create, reconoce el valor de Os Andares dentro de una sólida comunidad global de creadores, pensadores y caminantes dedicados a la promoción del walking art y las artes sonoras. Esta red internacional impulsa el acto de caminar como un lenguaje artístico interdisciplinar y una herramienta crítica de transformación territorial, visibilizando aquellos sound walks que invitan a la escucha profunda, redefinen la relación entre las personas y los paisajes rurales y transforman la travesía a pie en una experiencia estética, poética y patrimonial.

o formato, que son Os Andares?

Ola! Somos Iria Acevedo, Jose Díaz, de Fósforo Arte & Cultura e Marcos PTT do colectivo Galiza Emocional.

Eis a nosa presentación do proxecto **Os Andares, unha serie de viaxes sonoras polos Ancares Lucenses**.

As viaxes sonoras, tamén coñecidas en inglés como **SoundWalks**, forman parte dunha familia de pezas artísticas que parten do acto de camiñar como experiencia estética. Son como unha película na que nós propoñemos o son e o percorrido, e os teus ollos son a cámara.

Se tes un momento, propoñémosche que vexas esta presentación en vídeo, que che servirá mellor como explicación que todo o que che poidamos contar:

Aquí a tes en castelán:
https://www.youtube.com/watch?v=PYhXAuRmcVU

E aquí en galego:
https://www.youtube.com/watch?v=Y-uwjUGdkXg

o contexto

Por Iria Azevedo. (Fósforo Arte & Cultura)

Os Ancares Lucenses, declarados Reserva da Biosfera pola UNESCO en 2006, constitúen unha das áreas montañosas máis importantes do noroeste de España. Situados na provincia de Lugo, Galicia, destacan polo seu valioso patrimonio natural e cultural.

A inclusión desta zona na **Rede Natura 2000** favoreceu a protección da súa biodiversidade e do seu entorno natural, aínda que tamén impuxo certas **limitacións ao desenvolvemento económico**. A economía local baséase principalmente na agricultura, gandería e artesanía. Porén, o cambio climático está a afectar tanto a estas actividades coma á biodiversidade, o que subliña a importancia da **intervención humana** na súa conservación.

Desde a década de 1960, Os Ancares experimentaron cambios demográficos significativos, especialmente debido á emigración masiva de mozos cara ás cidades e zonas industriais en busca de mellores oportunidades. Este éxodo, especialmente pronunciado nos anos 60 e 70, contribuíu a un grave proceso de despoboamento.

Nas últimas dúas décadas, impulsouse un modelo de desenvolvemento rural máis sostible, centrado no turismo ecolóxico, na produción de alimentos orgánicos e na revitalización das tradicións locais. Porén, a **media de idade nas aldeas rurais, que oscila entre os 55 e os 60 anos**, é aínda maior nas zonas máis illadas, onde gran parte da poboación supera os 65 anos. Este envellecemento demográfico expón serios desafíos, como a provisión de servizos básicos, a atención sanitaria e a viabilidade das comunidades locais.

A poboación dos Ancares **reduciuse en máis dun 70 %**, pasando de 35.000 habitantes a menos de 7.000, con previsións de chegar a 3.000 a mediados de século. A despoboamento e a falta de oportunidades económicas sostibles seguen sendo problemas críticos para a rexión.


Os Andares. @marcos.ptt



Os Andares. @marcos.ptt




Gráfico 1. Evolucion da poboación dos Ancares.

GRÁFICA DATOS	
Evolución de habitantes en seis concellos dos Ancares entre 1960 e 2022 (cifras aproximadas).	
PEDRAFITA	3.800 -1050
BARALLA	6.800 - 3.000
AS NOGAIS	2.100 - 980
CERVANTES	4.500 - 1.200
BECERREÁ	5.000 - 2.100
NAVIA	3.000 - 1.200
TOTAL	25.200 - 9.530

Estes datos apuntan a un concepto vertebrador: **Progreso e Extinción**.

Esta dualidade, enunciada dun xeito ou doutro por moitas das persoas ás que entrevistamos, serve como elemento unificador da serie. As estradas que se construíron para levar o progreso a moitas aldeas serviron, en último caso, para que os seus habitantes as abandonasen.

A través destes viaxes, buscamos regalar ás viaxeiras un modo de habitar o espazo cunha nova mirada. Coñecer o entorno lévanos a valoralo dunha maneira máis profunda. A experiencia inmersiva que propoñemos deixa unha pegada emocional no viaxeiro, e ademais, o formato sonoro, que resulta invisible, como unha realidade aumentada, axuda a que o público/viaxeiro/paseante de Os Andares pase polo territorio sen alteralo ou ferilo.

Coñecer o pasado é a base para construír un presente consciente e asegurar un futuro sostible. Esta conexión entre o sentir e o saber é fundamental, xa que **se non temos memoria, non temos historia, e os humanos estamos feitos de historias**.

a filosofía do proxecto

Por Jose Díaz. (Fósforo Arte & Cultura)

Este proxecto nace dunha **vontade artística**. Os tres directores somos artistas con formación e experiencia en docencia, xestión cultural e activismo de moitos tipos, pero a nosa principal experiencia está na creación e produción de teatro contemporáneo.

Entendemos a arte como unha ferramenta para a transformación social (xa sexa de reflexión, denuncia ou acción), e como artistas somos conscientes de que a industria artística moitas veces impide esta transformación.

Por iso creamos Fósforo, como unha plataforma para o deseño e produción de proxectos artísticos fóra da industria artística. O obxectivo é vehicular o talento e os procesos de creación para proxectos educativos, sociais e de sostibilidade.

O obxectivo é vehicular o talento e os procesos de creación para proxectos educativos, sociais e de sostibilidade. A nosa experiencia está moi vinculada á xestión da experimentación, o risco, a precariedade e a ilusión (tanto interna como motor do equipo, como externa á hora de comunicar o noso traballo). Estes valores son de gran utilidade á hora de abordar os proxectos e, moitas veces, son difíciles de xestionar por outro tipo de estruturas (públicas ou privadas) que, sen embargo, contan cos medios para materializar esa transformación social.

Ao non ser arqueólogos, antropólogos, economistas nin biólogos, a nosa investigación quizais pecará de certa superficialidade en cada un destes campos. O noso obxectivo non era profundar en ningún destes campos do coñecemento, senón conectalos todos para ter unha visión holística do territorio (neste caso, a Serra dos Ancares lucenses). E todo este coñecemento, vinculalo co patrimonio emocional dos habitantes desta comarca.

Creemos firmemente que só se coida o que se ama e só se ama o que se coñece. Os Andares, por tanto, vén a crear un nexo emocional entre o camiñante e o espazo que habita ou visita. Para transmitir emocións, nada mellor que o arte. Usando as ferramentas dramáticas do cine, o teatro, a poesía ou a música, no que si somos especialistas, divulgamos e reflexionamos sobre os múltiples patrimonios (presentes, pasados e futuros) dun territorio que



Os Andares. @marcos.ptt





Os Andares. @marcos.ptt

apuntes sobre o proceso

Marcos PTT (Galiza Emocional)

O proceso contaba cunha serie de condicionantes que tivemos que ter en conta desde o equipo de dirección:

O principal era o tempo.

Aínda que a lóxica de Fósforo e de Galiza Emocional é a do coidado do proceso, o financiamento co que contabamos movíase pola lóxica das (mal chamadas) Industrias Culturais, máis centradas na consecución dun "produto", e que obrigaba a xustificar en menos de seis meses desde a concesión da axuda.

Con todo, debemos recoñecer que o orzamento, para os estándares aos que estamos acostumadas as persoas que facemos teatro, era xeneroso, e a entrega do equipo era absoluta.

Pero a realidade é que apenas coñecíamos o territorio, e dispoñiamos só de tres meses e medio para realizar un traballo de campo para elaborar seis pezas e decidir seis itinerarios, en seis concellos, cubrindo unha área moi grande do territorio.

Utilizamos para isto o método etnográfico, aplicado de maneira intuitiva e informal: Ao fin e ao cabo, non nos debíamos a un rigor científico, xa que o noso obxectivo é emocionar, divulgar e facer preguntas, máis que contestalas (aínda que as preguntas importantes levan implícita a súa resposta, pero iso é outro tema).

Así que a nosa estratexia para entrar no territorio foi a de encontrar actores e axentes carismáticos: Persoas respectadas e queridas na zona, que nos servisen de embaixadores diante da comunidade, perseguindo dous propósitos principais:

> - Por un lado, presentarnos a persoas a quen fose interesante entrevistar, polas súas historias de vida, coñecementos da zona, sabedoría, idade… Buscábamos científicas, empresarios, historias invisibilizadas (as mulleres e os coidados, sempre aparecen nestes casos…), xente "anónima", que non fose necesariamente extravertida, nin que ocupase postos de responsabilidade ou poder a nivel político ou formal.
> Así mesmo, queríamos coñecelas da maneira máis calma posible, evitando ir "con a gravadora por diante
>
> - Por outra banda, queríamos coñecer aquelas zonas que, debido ao seu interese xeográfico, científico, histórico… etc., fosen interesantes para implantar unha das nosas rutas, pensando en non duplicar contidos (xa hai algúns pobos que están moi dinamizados e preferíamos reforzar lugares con menos presenza de vida cultural), e, sobre todo, pensando en que o noso traballo servise de algo á comunidade. Queríamos evitar o efecto "colonizador urbanita", pero sobre todo, queríamos que as nosas rutas fosen unha achega, unha suma: que reforzasen iniciativas existentes, ou revelasen realidades e reivindicacións candentes, para que, unha vez que o proxecto rematase, o resultado fose adoptado e mantido vivo polos e polas habitantes do lugar.





Os Andares. @marcos.ptt

Aparte de todas estas cuestións, estaban os vectores técnicos: Que a ruta non fose demasiado esixente fisicamente, que fose de acceso relativamente fácil, que transcorrese en lugares nos que a chegada dun grupo de persoas en automóbiles non fose invasiva…

O noso é un proxecto que busca a calidade do visitante, máis que a cantidade. Non é desexable a asistencia en masa, senón que perdure no tempo atraendo a parellas, pequenos grupos de amigas…

O Proceso artístico

Todo o anterior é o que tivemos que atender e deseñar nas fases iniciais do proxecto a nivel técnico, ético e de contidos. Pero nós somos artistas, así que non podiamos deixar de atender ao proceso creativo.

Unha vez localizadas as posibles rutas, e realizadas a primeira fase de encontros e entrevistas, recibimos en residencia ao resto das dramaturgas para compartir o proceso de escritura e creación dos viaxes sonoros.

Á nosa sede central, unha fermosa casa no centro de A Proba de Navia, achegáronse Avelina Pérez, Clara Gayo e María Lado para pasar uns días, coñecendo as rutas, realizando entrevistas por si mesmas e coñecendo o material recadado polo equipo de dirección nas semanas anteriores.

O resultado é un orgullo para nós. Aínda que houbo certos erros, provocados pola falta de tempo (ou pola excesiva extensión de territorio/realidades a cubrir).

Mencionamos un caso, porque seguramente é máis instrutivo para quen estea lendo isto coñecer as deficiencias que escoitar como nos poñemos medallas:

Nunha das rutas atopámonos, unha vez rematado o proceso, cun gandeiro que a usa diariamente, e que se puxo completamente en contra da súa existencia.

Unha mágoa, xa que estamos convencidos de que se o tivésemos coñecido antes, tería acollido a iniciativa. Ou ben, nós teriamos desbotado esa ruta para evitar conflitos, porque o máis importante para nós é que esas cousas non sucedan.

A razón principal da súa actitude belixerante é á fatiga que teñen as traballadoras do campo nesa zona ante as continuas faltas de respecto de moitos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago: unha ruta completamente desvirtuada, masificada, e na que gran parte dos peregrinos actúa de maneira incívica e sen mirar "ao redor", centrados como están en cubrir etapas nunha maratón sen sentido. Así que ten toda a razón.

Intentamos mediar, tentar facelo comprender que esta ruta non será algo intrusivo nin masivo, pero non houbo maneira de conseguilo ata o de agora. De modo que esa viaxe, aínda que segue dispoñible, conta con menos promoción, como unha especie de "ovo de pascua" para a/o visitante.

De todos os xeitos, aínda nos queda algo de traballo na zona a ese respecto, e seguimos traballando, fóra do orzamento, buscando novas solucións para que a implantación deste proxecto continúe, porque a nosa estancia nos Ancares, realmente, nos achegou a persoas que hoxe en día son as nosas amigas. E ás amigas hai que coidalas.

LINKS del PROYECTO:
https://osandares.com/
https://www.galizaemocional.gal/
https://fosforo.gal/


Os Andares, @marcos.pt

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD



MUCHAS GRACIAS POR TU LECTURA. TE ESPERAMOS EN EL PRÓXIMO NÚMERO

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL

Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín

PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons

CC BY